



PROPOSICIÓN SOBRE A LICITACIÓN O E INICIO DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA RÚA CAÑOTEIRA, NA ZONA DE MEIXONFRÍO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mellora da rúa Cañoteira, que enlaza a rúa do Tambre co Camiño dos Vilares, na zona de Meixonfrío, é unha necesidade que debe ser incluída entre as prioridades da acción municipal, porque se trata de darlle unha solución a unha situación de inseguridade vial e a unha mellora dos servizos que vén reclamando e padecendo a veciñanza desde hai tempo.

No anterior mandato redactouse un proxecto básico e de execución para esta obra que, por indicación da propia veciñanza foi modificado para adaptalo a unhas demandas que se consideraban razoables e axeitadas. Entre elas, e como principal, a dirección única para ampliar a superficie das beiravías e facilitar o tránsito peonil.

A intención do anterior Goberno municipal era poder financiar o proxecto –que carecía dunha dotación orzamentaria específica- coas baixas producidas na adxudicación de tres obras incluídas na programación da Deputación Provincial.

O proxecto redactado –cun orzamento de 234.954 euros- contempla actuar sobre unha superficie de 1.240 m², coa creación dunha nova rúa, con pavimento de aglomerado de 4,5 de largo, sendas de formigón para camiñar polos lados de 1,5 metros cada unha, con bancos, papeleiras, arborado, muros de contención e nova sinalización, con redutores de velocidade. Tamén se prevé a dotación de pasos de peóns para conectar as dúas beiravías, a colocación da tubaxe para augas pluviais, traballos de drenaxe e a renovación da rede de abastecemento.

Para que se levara a cabo este proxecto, o Grupo Municipal do Partido Popular presentou unha iniciativa para o seu debate no Pleno da Corporación do pasado mes de novembro na procura dun acordo. Aquela iniciativa foi retirada logo de que por parte do Goberno –e en concreto do alcalde- se asegurara que a obra “está no proceso do POS, aprobado o proxecto e pendente de execución. Compartimos a necesidade da obra”.

Tendo en conta que o prazo de execución previsto para esta obra é de 4 semanas, segundo o se estima no proxecto xa redactado, a estas alturas a obra podería estar avanzada, se se axilizaran os trámites de contratación, coa que a rúa podería ser renovada e en pouco tempo estar ao servizo da veciñanza.




No canto diso, observamos que a obra non está incluída entre as previstas no Plan de Obras e Servizos (POS) de 2016 da Deputación, nin sequera na proposta realizada polo Concello para a inclusión de obras no Plan de Acción Social (PAS) de 2015 presentada hai unhas semanas, no que curiosamente se inclúe unha mellora, sen dúbida necesaria, na parroquia de Marrozos, no vial Cañoteira-Outeiro, que quizais se confundira coa solicitada por este Grupo para a rúa Cañoteira, na zona do Meixonfrío.

En consecuencia, e para que se procure o necesario orzamento e se complete o proceso de contratación desta obra, preséntase a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao Goberno municipal a dar os pasos necesarios para acometer coa maior brevidade posible a licitación, contratación e o inicio das obras de urbanización da rúa Cañoteira, entre a rúa do Tambre e o Camiño dos Vilares, conforme ao proxecto modificado redactado no seu día, atendendo ás necesidades e demandas da veciñanza.

Santiago de Compostela, a 9 de maio de 2016.



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular